



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LA CAPITAL, SL, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DIVULGATIVAS E INFORMATIVAS RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO DA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaría xeral técnica da Consellería do Medio Rural,

DECLARA:

Que esta secretaría xeral técnica ten previsto formalizar coa entidade La Capital, SL, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27 de xaneiro de 2017 ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar na realización de diversas accións divulgativas e informativas relacionadas con temas de desenvolvemento da produción agroalimentaria galega, coa publicación mensual dunha páxina no xornal o Diario de Arousa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro. Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades consagradas polo artigo 20 da Constitución, como sostén o tribunal Constitucional no son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual coma social.





Segundo.- Por outra banda os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

Terceiro. A Consellería do Medio Rural pretende difundir a imaxe e os beneficios do consumo dos produtos de calidade do noso agro ao conxunto da poboación. Trátase de que á cidadanía teña coñecemento de que o consumo destes produtos afecta non só ao seu propio beneficio senón tamén ao noso sector primario e axuda á economía de todos os traballadores que o conforman.

A calidade dos nosos produtos está respaldada por cada unha das figuras de protección, as cales implican un proceso de produción, transformación e comercialización óptimo que proporciona ademais todas as garantías en materia de seguridade alimentaria. Galicia ten boa materia prima e precisamente iso é unha cualidade para conseguir que os nosos produtos acaden o estatus que lle corresponde dentro e fóra das nosas fronteiras.

A Consellería do Medio Rural e a entidade Editorial La Capital, SL, teñen como fin común neste convenio destacar os beneficios do consumo dos produtos de calidade do noso agro e a cadea de valor da produción agroalimentaria galega, desde o propio produtor ata o consumidor final, pasando pola elaboración, transformación e comercialización destes alimentos de calidade.

Neste senso, é de obrigado cumprimento difundir os beneficios e propiedades destes alimentos e todo o proceso que supón a súa correcta produción.

Cuarto. Que os medios de prensa escrita de Galicia, ademais de constituír, na súa área de influencia, o medio máis axeitado para dar a coñecer a produción agroalimentaria galega e posibilitar que os seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións que son de interese xeral, contribúen a facer efectivos a liberdade de expresión e o dereito de información, polo que se aprecia unha coincidencia de intereses entre estes medios de comunicación e os da Consellería de Medio Rural, o cal determina a posibilidade de colaboración das distintas partes para atender unha finalidade común.

Quinto.- Por outra banda, a entidade Editorial La Capital, SL, editorial do xornal o Diario de Arousa na súa liña de información en temas de actualidade quere participar e colaborar na elaboración, maquetación, publicación e divulgación de contidos relacionados co desenvolvemento da produción agroalimentaria galega, como instrumento de divulgación complementaria e de interese para os galegos e as galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano,
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 47 18
Fax: 981 54 47 62

galicia

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

